


# Banda Deseñada

Novidades Abril 2006

## Biblioteca Pública da Coruña “Miguel González Garcés”

Relación de novidades en banda deseñada recibidas na biblioteca no mes de abril. Todas estas novidades poden atoparse na Sala de empréstimo de adultos, no primeiro andar da Biblioteca. Inclúense as súas signaturas




“La venganza del conde Skarbek, nº 2” de Sente e Rosinski

Con este volume remata a historia do conde Skarbek, espléndida obra de Rosinski e Sente, que bebe na literatura e na arte francesas do século XIX, a historia que lembra ao Conde de Montecristo, remata enlazando coa literatura de aventuras e os folletóns, e o deseño e cór inspíranse nos cadros dos movementos románticos e realista, con pinceladas de cór e viñetas autenticamente impresionistas. Unha

obra a non perder. **Signatura: COM SEN ven 2**


“Capital de provincias del dolor” de Santiago Valenzuela.

Acaba o cerco de Deenim, a cidade á que chegou o capitán Torrezno, dun mundo que cree que foi o pasado e que defende empregando obxectos de uso cotián pero de tamaño xigantesco como un paquete de cigarrillos, un isqueiro ou unha caixa de mistos, contra o émulo de Darth Vader que a vai ocupando a poucos ata chegar ao reducto final do templo. Esta obra é unha grande saga, cun importante compoñente literario, que fai necesaria unha lectura demorada e gorentosa. **Signatura: COM VAL cap**



“Banda deseñada: na vangarda 2004.”

Recompilación de traballos premiados no ano 2004 no Certame Galego de Banda Deseñada. O ourensán Cosme Fernández gañou o primeiro premio cunha historia de relación persoais e cun deseño de trazo grosso; Alberto Vázquez, o segundo premio cun deseño sinxelo e tamén tema de sentimentos; o terceiro premio foi para Emma Rios e David Rubín cunha historia de marxinações. Tamén inclúe obras dos finalistas Antonio Seijas, Bernal Prieto e Jano. Panorámica da historieta galega do ano 2004. **Signatura: COM BAN**





“Meka, nº 2. Outside” de Morvan e Bengal

Segundo volume desta obra cun deseño de tons claros e de estilo manga. Unha historia de pelexas impersoais entre robots xigantes, ata que os tripulantes dun deles abatido entran en contacto cos supervivintes do campo de batalla, que os perseguirán pola destrución e morte que levaron á súa cidade. **Signatura: COM MOR mek 2**

“Luuna, nº 1. La noche de los totems” de Crisse e Kéramidas

Colaboración entre Crisse e Keramidas, este último formado nos estudos de Disney-Paris, influxo que se observa nas ilustracións aínda que cuns tons máis escuros que os da factoría. Narrase un relato sobre unha lenda dos indios de América do norte, Luuna, filla dun bruxo inicia unha viaxe para atopar ao seu totem, establecendo diálogos cos animais e relacionándose coa natureza. **Signat: COM CRI luu 1**



“Gil St. André, 3. Fugitivo” de Krahen e Vallée

Historia de xénero negro, o protagonista ve a súa vida quebrar a causa da desaparición da súa muller e debe emprender unha difícil busca, entrando en contacto con redes de prostitución e pornografía que poñen en risco a súa vida, mentres é axudado por unha policía que se namora del. **Signatura: COM KRA gil 3**

“El caso del velo” de Petillon

Novo caso de Jack Palmer, nos barrios musulmáns de París e co conflito multicultural en primeiro plano, o detective debe buscar á filla dunha dentista e dun cirurxán que polo visto convertiuse en musulmá fundamentalista. Palmer está no centro das disputas entre unha facción islamista, máis moderadas e con costumes occidentalizados e outra fundamentalista na aplicación da lei coránica, o que dá lugar a situacións cómicas. **Signatura: COM PET cas**





“Cadenas de pasión” de Mayu Shinjo

Manga en dous volumes. Unha historia de amor de dous adolescentes, que ven como na súa relación se entremete un profesor de química do Instituto. Desenvólvese a acción en planos gráficos con pouco movemento. **Signatura: COM SHI cad 1-2**

“Rock Mastard nº 2. No hay Deo Gratias para Rock Mastard”, de Boucq e Delan.

Historias de Rock Mastard, con todo o absurdo e paródico das obras de Boucq, para algúns lembra ás historias televisivas de Batman e Robin, rematando cada historia cun aviso de que non se perdan o próximo episodio. Neste caso os escenarios foron realizados por Delan. **Signatura: COM BOU roc 2**



“Estela, nº 8. Naturaleza humana”, de Morvan e Buchet.

Navis, a protagonista segue coa busca das úas orixes humanas, coa axuda dos seus amigos Bobo e Snivel saen en busca dun asentamento de seres humanos que cando son atopados fan entrar en crise á protagonista, facendo aflorar nela sentimentos enfrontados. Este album gañou o premio ao mellor album xuvenil en Angouleme 2006. **Signatura: COM MOR est 8**

“El capitán escarlata “ de Guibert e David B.

Relato de Guibert e David B cheo de poesía, unha vez máis o escenario é París, desta volta atacado por un grupo de piratas e “defendido” por unha policía expeditiva. A aventura e a saudade pola perda da infancia, e ademáis outras relacións con Peter Pan van enchendo o album. A traveso dunha biblioteca especializada, os seus lectores atravesan as páxinas dos libros facendo realidade as súas fantasías. **Signatura: COM GUI cap**




“La leyenda de Madre Sarah, nº 11”, de Otomo e Nagayasu

Despois dun parón de varios anos continúa a publicación desta serie de Otomo, nun mundo postnuclear no que Sarah busca aos seus fillos. Neste volume, penúltimo da serie asistimos ao retorno á terra das bases espaciais situadas en órbita para salvar aos terrícolas da cataófre da guerra. O deseño ten a mestría esperada do autor de Akira. **Signatura: COM OTO ley 11**

“Baobab, nº 1” de Igot



Inicio dunha historia paralela entre Xapón e Sulamérica cun neno e un debuxante, historias entrelazadas pero diferentes, moi sensitivas e cun deseño de influxo xaponés e de calidade, cunha tonalidade azul que lle dá maior melancolía á narración. **Signatura: COM IGO bao 1**





“Arrivederci amore, 2. Se acabó el juego”, de Carlotto, Crovi e Mutti.

Segundo volume da adaptación dunha novela de Carlotto, autor que pasou por moitas vicisitudes polas que pasa o protagonista. Centrada nos anos do terrorismo de extrema esquerda en Italia, o recorrido a través da guerrilla en América Latina e como á volta ao seu país entra en asuntos suxos e nos baixos fondos medrando economicamente. **Signatura: COM MUT arr 2**





“El grito del pueblo nº 4. El testamento de las ruinas” de Tardi e Vautrin

Outra historia que remata, e con ela a Comuna de París, Tardi nesta esplendida obra en branco e negro plasma a Historia cos seus personaxes, e entre eles o drama de Tarpagnac e o seu perseguidor. As viñetas apaisadas baseadas nos gravados de época fannos viaxar polo París dos anos 70 do século XIX, onde vemos retratados a todos os protagonistas da aventura da Comuna, convertendose non só nunha historia de ficción senón case nunha monografía histórica. **Signatura: COM TAR gri 4**

“Zambada, nº 3, Peligro en Zambada” de Autheman e Maltaite.

A pacífica e paradisíaca illa de Zambada veráse implicada nun asunto de espionaxe e terrorismo internacional contra os Estados Unidos, o que levará á reacción desta superpotencia invadindo a illa, na que só atopan a resistencia do comisario Delgado que terá que loitar contra as tropas invasoras e ao tempo coidar da súa filla pequena. **Signatura: COM AUT zam 3**



“Chicanos, nº 2. Asesinatos y muy mala suerte”, de Trillo e Risso

Segundo volume da serie de Trillo e Risso de carácter detectivesco e interesante de ler aínda que sen acadar a calidade de “100 balas”, deseño en branco e negro con contrastes moi expresivos. **Signatura: COM TRI chi 2**

“Giacomo C. Nº 14. Rizos de oro” de Dufaux e Griffó

Iniciase outra historia de Giacomo, sen facenda para manter a súa posición, polo que o seu criado Parmeno decide traballar como vixilante dunha moza da alta sociedade. Giacomo vese relacionado con esta moza ao través dun enfrontamento con elementos da alta sociedade veneciana que o desprecian e o deixan malparado. **Signatura: COM DUF gia 14**

